



VALDOVIÑO



PROGRAMACIÓN CULTURAL OUTUBRO

EXPOSICIÓN

XVIII PREMIO JESÚS NÚÑEZ DE ARTE GRÁFICA. Do 15 de outubro ao 4 de novembro. Sala exposicións. Casa da Cultura. Luns a Venres de 11:00 a 13:30h. e de 17:00 a 20:00h.

XOVES 3: GPA (Galego Para Adolescentes) monólogo de AVELINO GONZÁLEZ. Auditorio. Alumnado de secundaria do CPI Atios. 17:00 h. (Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Subvención para a promoción do uso da Língua Galega).



Xoves 3: Obradoiro impartido por Raquel López “Sacar o máximo partido ás redes sociais” Para autónomos e pemes . Oficina Acelera Pyme Rural da Deputación da Coruña e Concello de Valdoviño. Biblioteca. 19:00 h. Gratuito. Con inscrición previa.

XOVES 10: Documental e coloquio “CARDOÑA FOTOS A 7 PESETAS”. Biblioteca. Público

xeral. 11:00 h. **ler**
conta moito

Texto de presentación da actividade

Proxección do documental *Cardoña fotos a 7 pesetas*, coa presentación e coloquio a cargo do seu director, Carlos Lorenzo. O documental repasa a traxectoria do fotógrafo José Gestal 'Cardoña' ao tempo que pon e valor aos fotógrafos populares galegos. No coloquio tratarase sobre o labor deste tipo de fotógrafos ao tempo que se animará á recuperación e conservación dos arquivos fotográficos familiares.

VENRES 11: Programa de teatro “VEN O VENRES”: INDÓCILES: VERO RILO, NURIA VIL E MÓNICA DE NUT. Auditorio.20:30h.Maiores 12 anos.Entrada libre ata completar capacidade.

Espectáculo sobre Luisa Villalta neste ano 2024 na que foi a homenaxeada nas Letras Galegas. Exposición de parte da súa obra na biblioteca municipal no horario habitual.

SÁBADO 19: Obradoiro “CIENTÍFICAS MEDRANDO. HISTORIAS QUE INSPIRAN”.

Biblioteca. 11:30h. Nenas e nenos de 6 a 12 anos. **Prazas limitadas.** **ler**
conta moito



VALDOVIÑO



Texto de presentación da actividade

Nesta actividade de creación plástica elaborárase un **libro pop up sobre a biografía das imprescindibles galegas: Ángeles Alvariño, Rita Queimadelos, María Casares, Olimpia Valencia ou Elisa Patiño**. Nel ademais de fomentar a igualdade entre nenas e nenos preténdese que a difusión e coñecemento da historia destas mulleres sirva de inspiración para as rapazas que comezan a pensar no seu futuro.

DOMINGO 27: TEATRO GHAZAFELHOS “TRAVESÍA UNICORNIO”. Casa da Cultura.

Público familiar. 18:00h.

Travesía unicornio é unha adaptación ao teatro de Pepablo Patinho do texto de María Canosa gañador da primeira edición do Premio Anisia Miranda de teatro infantil. Un neno e o seu unicornio atópanse cunha xenia que lles promete facer realidade os seus desexos. Estes deberán escoitarse, aceptarse e, o máis importante, aceptar tamén os desexos das demais persoas para que se cumpran os propios. Travesía unicornio é unha obra chea de humor que cambia os roles tradicionais de xénero abrindo as portas a que as nenas e os nenos decidan libremente sobre os seus gustos.

SAMAIN

1 NOVEMBRO: HENRIKO O FEITICEIRO. Escenarios paralelos no contorno paisaxístico do Igresario vello de Loira. Punto de encontro ás 17:30h no acceso as naves de Cándido Hermida para iniciar percorrido cara ao igresario. Público familiar. (Se chove : Casa Cultura : 18:00h.).

Henriko é un peculiar feiticeiro, mago, bruxo, charlatán? Que sente que realiza trucos increíbles. Proezas que superan o entendemento humano. Pero en realidade é unha fraude de mago ao que mesmo os nenos lle cazan os trucos. Aínda así, sendo o único que segue crendo na súa maxia, ten a caradura de continuar co espectáculo como se todo estivese a saír segundo o planeado.